Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Parga Núñez, Manuel

Sobre as obras da estrada C-640 Viveiro-Cabreiros ao seu paso polos concellos de Oulol e Muras

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7064(14980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre os vertidos contaminantes mar-terra producidos no litoral galego nos anos 2003, 2004, 2005 e 2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7065(14981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre os vertidos contaminantes mar-terra producidos no litoral galego nos anos 2003, 2004, 2005 e 2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7066(14982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre as alertas marítimas ou emerxencias producidas no litoral galego nos anos 2003, 2004, 2005 e 2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

María Tereixa Paz Franco  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>

#### **Preguntas para resposta por escrito convertidas en Preguntas para resposta oral en Comisión**

A Mesa do Parlamento, na reunión do 20 de novembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión reconversión pregunta oral:

- 07/PRE-6029 (12335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre os estudos realizados respecto do impacto das empresas cocedeiras de mexillón na calidade do medio mariño  
BOPG núm. 202, do 22.09.2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa reconversión en pregunta con resposta oral en Comisión.

Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Petición reconversión en pregunta oral: Doc. núm. 15018

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

María Tereixa Paz Franco  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>

## **8. Administración do Parlamento de Galicia**

### **8.3. Actividades**

#### **8.3.4. Axudas e bolsas**

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de novembro de 2006, polo que se conceden bolsas para a realización de estudos de postgrao en centros da Unión Europea nas áreas de socioloxía, dereito e ciencias da información para o curso académico 2006-2007 ou 2007-2008**

Por acordo da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 2006, convocáronse bolsas para a realización de estudos de postgrao en calquera das universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea nas áreas de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información, para o curso académico 2006-2007 ou 2007-2008 (bases publicadas no BOPG núm 123, do 19 de abril de 2006, e anuncio da convocatoria no DOG núm 80 , do 26 de abril de 2006 e 143, do 26 de xullo de 2006).

Vista a proposta elaborada pola comisión de avaliación e tendo en conta o disposto nas bases reguladoras do procedemento, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1.º) Conceder seis bolsas, por unha contía bruta cada unha delas de 6.000€, aos seis aspirantes que obtiveron unha maior puntuación e que se relacionan a seguir:

- Don Xavier Oleiro Ogando
- Dona Saleta González Carnero
- Dona María Carmen Caamaño López
- Dona Susana Álvarez Martínez
- Don Pablo Martínez Rodríguez
- Dona Carmen María Martínez Conde

2.º) Asemade, para os efectos da cobertura das bolsas vacantes, por incumprimento do establecido nas bases da convocatoria ou polas renuncias que se produzan, establecer, de acordo co previsto na base sétima.4, unha lista con tres suplentes, relacionados por orde de puntuación decrecente que figura a continuación:

- Dona Ana María López Cepeda
- Dona María Teresa Silva Ginell
- Don Carlos Ramos Aguirre

3.º) As persoas seleccionadas poderán renunciar á bolsa no prazo de dez días seguintes ao da publicación deste acordo

no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e de non o facer considerárase que aceptan a bolsa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados e as interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no BOPG. De non se formular recurso de reposición, poderán interpoñer

recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1ª



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputada Carlos Negreira Souto, Beatriz Mato Otero e José Manuel Balseiro Orol, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

### Exposición de Motivos

E de todos coñecido a existencia do furtivismo no sector pesqueiro. E unha lacra a combater e polo tanto, a loita contra o furtivismo evidentemente debería absorber gran parte dos esforzos e os medios que o Goberno ten o seu alcance para, na medida do posible, erradicalo.

Agora imos concentrarnos no problema de furtivismo mais grave que estamos a padecer nestes momentos, e non e outro que o furtivismo na Ría do Burgo de A Coruña.

A intensidade e a impunidade ca que traballan os furtivos na Ría fai que este ano a campaña do marisqueo sexa un autentico desastre e non cheguen a alcanzar nin sequera os cupos de capturas permitidos no Plan de Explotación xa que todo o marisco estano a levar os furtivos. Isto, evidentemente incide moi negativamente nos ingresos mensuais de estas persoas e anuncia unha campaña de Nadal aínda peor.

A desidia, o abandono e a indiferenza que as Administracións, con competencia na resolución do problema, están a amosar, fixeron que tanto o colectivo de mariscadoras e mariscadores a píce como o de a flote botaranse a rúa en manifestación para, de algún xeito, denunciar de forma contundente, a situación na que se atopan.

Nestes días, é habitual que os cidadáns de A Coruña sufran os atascos de tráfico que estas manifestacións provocan. É aínda que as mariscadoras amosan o seu pesar polos trastornos que poidan provocar no tráfico da cidade, semella imposible, na súa opinión, facerse escoitar por este Goberno, senón é así.

Esgotaron as vías do dialogo, esgotaron o “crédito” de actuación concedido de mais de 16 meses a Consellería de Pesca, esgotaron as solicitudes de axudas a outros estamentos como o Concello ou a Delegación do Goberno, e o problema segue sen resolver.

Fixéronse declaracións por parte dos gobernantes. Segundo eles o problema xa non era de furtivismo senón un problema de orde publico ou problema de caracter social.

Chámese como se chame o problema está aí. E xa vai sendo hora de que alguén exerza as súas responsabilidades, se comprometa e lidere a loita contra o furtivismo polo ben deses colectivos que representan mais de 200 familias.

Entendemos que inciden moitos factores na súa resolución e por elo o grupo popular, nun ánimo absolutamente construtivo, polo

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1º.- A dotación de un servizo da Policía Autonómica para que, en coordinación co Servizo do Gardacostas, participe nas labouras de vixilancia e loita contra o furtivismo na Ría.

2º.- A que inste o Concello de A Coruña a que, urxentemente, poña en práctica, de verdade, un plan de reinserción das familias do asentamento que se atopa nas proximidades da Conservera Celta co fin ultimo de que o asentamento desapareza da zona.

3º.- A que inste a Delegación do Goberno solicitando a colaboración programada da Guarda Civil do Mar coordinada con servizo de Gardacostas e a policía autonómica.

4º.- A que inste a Delegación do Goberno unha atención principal por parte da policía nacional no lugar do asentamento de xeito que

sexa frecuente a presenza dunha patrulla da policía nacional no asentamento.

5º.- Creación dunha mesa de traballo ou comisión, liderada pola Consellería de Pesca, que reunirase periodicamente para articular dun xeito coordinado as medidas a adoptar por cada organismo na loita contra o furtivismo na Ría do Burgo de A Coruña. A Citada comisión debería estar composta, a lo menos, pola Consellería de Pesca, a Consellería de Presidencia, o Concello, a Delegación do Goberno representado polos corpos da Garda Civil e da Policía Nacional e a Confraría de Pescadores de A Coruña.

6º.- Se poña en práctica un Plan de Recuperación do banco marisqueiro da Ría do Burgo que inclúa un paro biolóxico subvencionado ata que o banco alcance un nivel de produción sostible e que inclúa un plan de vixilancia extrema.

Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**  
**José Manuel Barreiro Fernández na data**  
**10/11/2006 11:12:01**  
**Carlos Negreira Souto na data 10/11/2006**  
**11:12:14**  
**Beatriz Mato Otero na data 10/11/2006 11:12:25**  
**José Manuel Balseiro Orol na data 10/11/2006**  
**11:12:41**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados **PILAR ROJO NOGUERA** e **ALEJANDRO GOMEZ ALONSO**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, o Ministerio de Vivienda ven de facer públicos os datos dos prezos da vivenda en España, relativos ó 3º trimestre de 2006, onde se confirma o que levamos meses decindo desde o noso Grupo: a escalada de prezos na vivenda parece non ter fin en Galicia, e seguimos a liderar a subida do prezo da vivenda en España.

Os datos xa os coñecen vostedes: únicamente recordar que o crecemento interanual dos prezos da vivenda ó rematar setembro se situou nun 14,3% en Galicia, superando amplamente a media española, dun 9,8%, (4,5 puntos por enriba), e situándose entre as catro comunidades mais alcistas.

Estes datos non fan, sinon que confirmar a tendencia, xa reflexada nos dous trimestres anteriores, nos que Galicia foi das comunidades onde mais subiron os prezos dos pisos entre xaneiro e xuño.

E confirman tamén que a previsión durante o resto do ano 2006, é que continúe este crecemento.

A situación é preocupante, e por elo cumpre tomar medidas, medidas contundentes, pois desde a Consellería responsable se fala mais das posibles causas que poden provocar esta situación, que de tentar aliviar a presión do mercado nun tema de tanta transcendencia para tantos galegos e galegas. E unha das causas ás que se fai constante referencia para tentar de explicar a subida do prezo da vivenda, é a especulación que se leva a cabo co prezo do solo.

Estando de acordo, en que sinon o único, o prezo do solo si é un dos factores determinantes no prezo final da vivenda, é polo que o noso Grupo presenta esta iniciativa, que trata de facer unha proposta en positivo, co obxectivo de poder colocar mais solo dispoñible no mercado para facer vivendas de protección autonómica, e contribuir con elo a unha contención dos prezos da vivenda.

Fai xa uns días, tivemos ocasión de ver nun periódico local o anuncio do Ministerio de Fomento da pública concurrencia de ofertas para a venda mediante concurso público, de dúas parcelas propiedade do ADIF –Administrador de Infraestructuras Ferroviarias- en Santiago de Compostela.

De acordo coa normativa urbanística vixente, nos solares se podería edificar un tope de 3920 metros cuadrados de vivendas e outros 1125 de espazos terciarios; pero tendo en conta que ditos solares están suxeitos a un prezo mínimo de venta, segundo as normas que rixen o proceso, as vivendas que alí se edifiquen alcanzarán previsiblemente uns prezos elevados.

Entendendo que é unha boa e xusta medida, para que exista solo dispoñible no mercado, que a propia administración pública –cando dispón del- o poña a disposición das necesidades dos cidadáns mais desfavorecidos e con mais problemas para acceder a unha vivenda, é o sentido que ten esta Proposición non de lei que hoxe presentamos, por todo o exposto anteriormente solicitamos:

**O PARLAMENTO de Galicia insta a XUNTA DE GALICIA:**

- 1.- Que se dirixa ó Ministerio de Fomento para que poña a disposición gratuita dos concellos e da Xunta de Galicia, o solo do que dispón , co obxecto de promover vivendas sociais e demais equipamentos de carácter público.

- 2.- Que se dirixa ó resto dos Ministerios do Goberno de España, solicitando o solo dispoñible de cada un deles nos distintos concellos de Galicia, coa mesma finalidade do apartado anterior.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 14/11/2006  
12:53:48**

**Pilar Rojo Noguera na data 14/11/2006 12:53:58**

**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006  
12:54:14**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e á iniciativa dos deputados Alberto Núñez Feijoo, Ignacio López-Chaves Castro, Manuela López Besteiro, Angel Bernardo Tahoces e María Amparo González Méndez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**

### Exposición de Motivos

O proxecto da Cidade da Cultura xestionado pola Fundación da Cidade da Cultura do que forman parte como membros do seu Padroado institucións públicas e privadas, é o mais importante proxecto cultural de Galicia do século XXI. A cidade da Cultura deberá ser o marco de concitación de todas as forzas culturais de Galicia.

No mes de agosto de 2005 estaban xa concluídas as obras de explanación e rasanteo, a construción da galería de servizos, as Torres da memoria de Hejduk, a planta mecánica, as obras de urbanización fase I e acometidas de servizos; estaban practicamente rematas as obras da Hemeroteca (hoxe denominado Arquivo de Galicia) e a Central de instalacións, adxudicándose incluso o subministro do mobiliario; as obras da Biblioteca iniciadas no mes de febreiro de 2004 deberían estar rematadas no mes de maio de 2006, o Museo da Historia a súa construción foi iniciada no mes de xuño de 2004 cun prazo de execución de 43 meses e o edificio de servizos Centrais a súa construción comezou en setembro de 2004 e debería finalizar neste mes de novembro. O Teatro da Música xa estaba adxudicado como tamén o edificio de Novas Tecnoloxías.

A actuación do actual goberno da Xunta de Galicia en relación co proxecto foi dende o principio errática e carente de sentido xa que non foi capaz de continuar co programa construtivo, co desenvolvemento dos contidos e coa elaboración da programación. A medida que tomou foi paralizar as obras durante 14 meses despois dun período de seis meses de

inactividade. En total o proxecto paralizado durante a metade da lexislatura.

Esta parálise do proxecto e da actividade do Goberno supón desprezar o valor cultural da Cidade da Cultura e descoñecer que a cultura tamén é fonte de riqueza e emprego.

O Goberno da Xunta de Galicia tampouco foi sequer capaz de elaborar unha redefinición dos seus contidos que sexan mostra da política cultural que a actual Xunta de Galicia vai a executar neste proxecto.

Ante esta inactividade da actual Xunta de Galicia se fai preciso que o Parlamento presente propostas de actuación que impulse a continuación dun proxecto que non pode quedar paralizado na indecisión e na falta de xestión. Faise preciso pensar no futuro cultural da Cidade da Cultura despois de meses de abandono polo actual goberno.

É necesario tamén, implicar a colaboración doutras administracións no proxecto, tendo en conta que ao gran valor cultural que xa ten hoxe a propia cidade de Santiago de Compostela (que esta incluída dentro da lista del patrimonio de la Humanidade de la UNESCO dende o ano 1985 como tamén o Camiño de Santiago dende o ano 1993) se vai a incorporar unha nova infraestrutura e axente cultural: a Cidade da Cultura, polo que, como outros proxectos culturais desa envergadura como o Forum Universal das Culturas – Barcelona 2004, é necesaria a presenza e compromiso económico da Administración do Estado.

Por todo o anterior se fai necesario que un proxecto desta importancia deba ser asumido por quen lle corresponde a dirección e coordinación da acción do Goberno, e dicir, polo Presidente da Xunta de Galicia que debe garantir a conclusión e terminación do mesmo, comprometerse co mesmo e buscar novas fontes de financiamento.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular fai a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno

O Parlamento insta a la Xunta de Galicia para que:

1º.- Que o Presidente da Xunta de Galicia asuma a responsabilidade da dirección política e coordinación do proxecto da Cidade da Cultura de Galicia ata a súa completa conclusión.

2º.- Que faga as xestións necesarias para conseguir achegas de fondos da Administración do Estado para a execución das obras da Cidade da Cultura.

3º.- Elabore un programa para a captación de patrocinios de entidades privadas para que participen na financiación dos obxectivos da Fundación Cidade da Cultura, programa que garanta a incorporación de novos patróns a Fundación.

4º.- Presente no prazo de un mes o contido definitivo da Cidade da Cultura

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Núñez Feixóo na data 15/11/2006  
13:01:27**

**José Manuel Barreiro Fernández na data  
15/11/2006 13:01:32**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data  
15/11/2006 13:01:46**

**Manuela López Besteiro na data 15/11/2006  
13:01:57**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 15/11/2006  
13:02:10**

**María Amparo González Méndez na data  
15/11/2006 13:02:20**

## Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, Pilar Rojo Noguera e Diego Calvo Pouso, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

## Exposición de Motivos

A Lei 6/1996 do 9 de xullo de coordinación dos servizos do transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, foi a primeira medida legislativa adoptada pola Xunta de Galicia para fomentar o transporte público a lugares de lecer, posibilitando que os servizos nocturnos en vehículos de turismo (taxis) puidesen ser prestados por taxistas dos concellos limítrofes, co que se atendía ao incremento da demanda de transporte xerada nas zonas de cunha maior concentración de lugares de lecer.

A segunda de estas medidas aprobadas pola Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular foi o Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público os lugares de lecer e esparcemento, para dar cobertura ás necesidades de desprazamento, en franxas horarias non atendidas polo transporte público colectivo.

A Xunta de Galicia puxo dende en marcha, dende o 7 de xullo ao 26 de agosto deste ano, unha experiencia piloto que tiña por obxectivo dotar de transporte nocturno (Noitebús) a aqueles lugares onde se concentra unha importante cantidade de mozos e mozas nos lugares de lecer

Este Grupo Parlamentario considera que ante a proliferación de accidentes de circulación, consecuentes en boa medida a desprazamentos nocturnos, a sociedade demanda da administración autonómica políticas tendentes a máxima rigorosidade das medidas de seguridade, acompañadas doutras complementarias que garantan o establecemento de medios de transporte alternativos ao coche privado, tal e como establece o Decreto 80/2005 do 31 de marzo aprobada polo anterior goberno da Xunta de Galicia, por este motivo presentase a seguinte Proposición non de Lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver en colaboración cos concellos e coas entidades empresariais, un plan, para a súa posta en marcha no ano 2007, de fomento do transporte público nocturno nas zonas de ocio de gran afluencia de moz@s, que facilite unha alternativa no uso da coche, e que sexa de aplicación durante todo o ano, co fin de diminuír o alto nivel de siniestrabilidade que se produce entre a xente nova os fins de semana”.

Parlamento de Galicia, 14 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 14/11/2006 13:41:25**

**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006 13:41:31**

**Pilar Rojo Noguera na data 14/11/2006 13:41:38**

**Diego Calvo Pouso na data 14/11/2006 13:41:49**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso, Miguel Angel Santalices Vieira, Pilar Rojo Noguera e Xesús Palmou Lorenzo, e ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de Motivos

Ante a diminución pola Xunta de Galicia, das ratios profesionais de médicos que co anterior goberno estaban en 1 médico por cada 1.400 habitantes e 1 pediatra por cada 650 rapaces, superando amplamente as recomendacións dos planificadores e sociedades científicas que aconsellan 1 médico por cada 1.500 habitantes e 1 pediatra por cada 1.200 rapaces

Co obxecto de “mellorar o sistema sanitario da comarca do Deza” e o deterioro do seu sistema sanitario, debido ó incremento das listas de espera na atención primaria, a falta de especialistas e equipamento médico e a negativa de Xunta a por en funcionamento os horarios de tarde no P.A.C de Lalín e no Centro Medico de Viladecruces .

E sabendo a Xunta de Galicia que na comarca do Deza hai un incremento da poboación envellecida e non priorice os horarios de tarde dos servizos de atención primaria, preséntase a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar dun médico na quenda de tarde no Centro de Saúde de **Viladecruces**, servizo que xa tiña que estar en funcionamento dende outubro do ano 2005.
2. Dotar ó Centro de Saúde de **Rodeiro** de un Ats como axuda ós facultativos e a enfermería, de unha matrona para **Rodeiro** e **Agolada**, mellorar o equipamento médico do centro (desfibriladores e pulsímetros) e cubrir as substitucións do facultativos



para evitar que se acumulen as consultas por médico.

3. Incrementar no Centro de Saúde de **Lalín** os especialistas adicados a xinecoloxía, traumatoloxía e oftalmoloxía e a posta en funcionamento os especialistas en horario de tarde do P.A.C. de Lalín.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data**

**15/11/2006 13:03:24**

**Alejandro Gómez Alonso na data 15/11/2006**

**13:03:36**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data**

**15/11/2006 13:03:45**

**Pilar Rojo Noguera na data 15/11/2006**

**13:03:50**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 15/11/2006**

**13:03:57**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Laura Seara Sobrado** e do seu deputado-portavoz suplente **Abel Losada Álvarez**, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

A vertebración do territorio é un dos obxectivos do novo Goberno de Galicia sendo as infraestruturas un dos elementos principais e decisivos na súa consecución.

A situación na que se atopa o primeiro quilómetro da estrada que une os concellos ourensás de Xinzo de Limia e Baltar, a OU-304, presenta certas deficiencias para a mobilidade de vehículos e peóns. Esta estrada, con gran afluencia de vehículos, especialmente de tráfico pesado, non só une estes dous concellos da Comarca de Limia senón que é a principal arteria de comunicación que une dita comarca con Portugal, país co que mantén unha importante relación comercial, empresarial, cultural e turística. Por unha banda, pola condición de zonas fronteirizas como polos históricos vencellos de vecindade cos concellos lusos, como Montealegre.

O estado do primeiro quilómetro da estrada OU-304, situado en Xinzo de Limia xera unha perigosidade que afecta tanto aos vehículos como aos peóns, por atoparse nunha zona urbana da vila.

Pese a que dita estrada ten sido obxecto de melloras de acondicionamento en diversos tramos, o tramo ao que fai referencia esta Proposición non de lei non se atopa en boas condicións.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acondicionar o tramo da estrada OU-304 que se atopa entre o quilómetro 0 e o quilómetro 1, ao seu paso por Xinzo de Limia.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2006

Asdo.: Laura Seara Sobrado  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado-portavoz suplente do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Laura Seara Sobrado na data 16/11/2006 12:52:22**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/11/2006**

**12:52:32**



Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Fazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para informar sobre “o novo Plan de Seguridade Viaria de Galicia”.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2006



O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicito a comparecencia -ante o Pleno- da conselleira de Cultura e Deporte para informar sobre **“o estado actual do proxecto da Cidade da Cultura de Galicia”**.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma.Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

## **Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación da Comparecencia en Pleno da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para que explique á Cámara os motivos da dimisión do Director Xeral de Transportes.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2006



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 20/11/2006  
10:33:42**

**Alejandro Gómez Alonso na data 20/11/2006  
10:33:53**

**Roberto Castro García na data 20/11/2006 10:34:16**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 20/11/2006  
10:34:27**

**Pilar Rojo Noguera na data 20/11/2006 10:34:33**

**Jaime Castiñeira Broz na data 20/11/2006 10:34:47**

**Beatriz Mato Otero na data 20/11/2006 10:34:59**

**Carlos Negreira Souto na data 20/11/2006 10:35:12**

**Marta Rodríguez Arias na data 20/11/2006 10:35:22**

**Jose Antonio Santiso Miramontes na data  
20/11/2006 10:35:35**

**María Amparo González Méndez na data 20/11/2006  
10:37:05**

**Diego Calvo Pouso na data 20/11/2006 10:37:11**

**Agustín Baamonde Díaz na data 20/11/2006  
10:37:21**

**José Fervenza Costas na data 20/11/2006 10:37:29**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 20/11/2006 10:37:39**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da comparecencia en Comisión da **Directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller**, para informar sobre a macroenquisa da violencia contras as mulleres en Galicia, elaborado para o Servizo Galego de Igualdade, por SIGMA 2.

Santiago de Compostela, 9 de Novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**  
**José Manuel Barreiro Fernández na data 14/11/2006**  
**12:51:30**  
**Susana López Abella na data 14/11/2006 12:51:49**  
**Marta Rodríguez Arias na data 14/11/2006 12:52:01**

## Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Interpelación.

O pasado 26 de setembro o Ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes daba a coñecer o Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, dos que 1.660 millóns son para Galicia e dos cales están previstos para inversión preto dos 802 millóns de euros fronte os 604 aprobados para este ano.

A reacción negativa da opinión pública contrasta co triunfalismo do Presidente da Xunta, que cualificou como “potentes” orzamentos para a nosa comunidade, cando sabe que a cifra é mala, pero a letra pequena e aínda peor, xa que se esta a programar para 15 anos o que podía estar rematado en 5.

A realidade é que do total destinado a inversión as infraestruturas do Plan Galicia, o 97% adícase a proxectos xa iniciados e licitados polo anterior goberno, tan so un 3% dos presupostos destinase a obras novas e as previsións plurianuais apuntan a que as Autovías e os Aves non estarán rematados ata os anos 2018-2020.

O Grupo Parlamentario Popular por tanto, coincide e sumase as críticas da opinión pública galega sobre os Presupostos Xerais do Estado, por que estes orzamentos son claramente insuficientes para cumprir cos prazos previstos para as grandes infraestruturas viarias, portuarias, ferroviarias e do tren de alta velocidade, polo que defende unha dotación estimada de 2.300 millóns de euros imprescindibles para a vertebración territorial de Galicia e a súa conexión coa meseta.

Polo dito anteriormente o deputado que asina esta iniciativa presenta a seguinte Interpelación:

1.- ¿Como valora a Xunta de Galicia as críticas vertidas pola opinión pública galega aos Orzamentos Xerais do Estado para 2007 ?

2.- ¿Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para cumprir os prazos acordados no Parlamento Galego, Congreso e Senado para as grandes infraestruturas viarias, portuarias, ferroviarias e do tren de alta velocidade?

Parlamento de Galicia, 13 de novembro de 2006



**Asinado dixitalmente por:**  
**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006 13:09:31**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pasado 21 de outubro produciuse unha alteración no firme na Vía do Salnés no punto quilométrico 0,800 co afundimento do terreo pola rotura dunha tubaría de drenaxe de augas que xerou unha filtración constante na zona de áridos.

Esta incidencia obrigou a cortar a vía e desviar o tráfico para poder realizar os traballos de reparación da tubaría e restituír a seguridade na circulación dos vehículos.

Ante o exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta oral para a súa resposta en Pleno:

Cales son as actuacións que realizou a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para recuperar a normalidade da circulación nesta estrada?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2006

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**  
**Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2006**  
**14:12:24**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## **A Mesa do Parlamento**

**Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias e Miguel Santalices Vieira**, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a sua resposta oral en Pleno**.

E de interés para estes deputados coñecer a opinión o respeito de:

¿Qué previsións manexa a Consellería de Sanidade con respecto ao "fenómeno do botellón"?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**Diego Calvo Pouso na data 10/11/2006 14:15:54**

**Marta Rodríguez Arias na data 10/11/2006 14:16:10**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 10/11/2006 14:16:35**



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Laura Seara Sobrado e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Un estudio da Organización Mundial da Saúde (OMS) presentado o pasado ano revelaba que, a probabilidade de que unha muller que foi maltratada teña mala saúde ou problemas físicos e mentais, é dous veces superior que nas mulleres que non sufriron agresións.

Este informe revelaba ademais que entre unha cuarta parte e a metade das mulleres agredidas fisicamente pola súa parella, sofren lesións físicas a consecuencia directa de elo e que entre estes problemas de saúde figuran as ideas ou tentativas de suicidio, os trastornos mentais e síntomas físicos como dolores, mareos ou leucorrea.

O informe, que se titula “Saúde feminina e violencia doméstica contra as Mulleres” se fundamenta en entrevistas realizadas a mulleres en 10 países, a maioría deles, en vías de desenvolvemento ou que soportaron conflitos de longa duración. Un dos datos máis reveladores é a uniformidade das consecuencias sanitarias da violencia de xénero en tódolos países estudados.

Polo tanto, todo apunta a que a violencia doméstica ten efectos parecidos sobre a saúde e o benestar das mulleres, con independencia do lugar no que vivan, do carácter máis ou menos violento do seu entorno ou do seu horizonte cultural e económico.

Por outra banda, o desenvolvemento do programa de Atención Integral á Saúde das Mulleres foi un dos primeiros compromisos asumidos pola Consellería de Sanidade, e que manifesta unha vontade clara do novo goberno ca igualdade, tamén no eido da saúde.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto a deputada e o deputado asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Que medidas incluírá o Programa de Atención Integral á Saúde das Mulleres Galegas respecto do tratamento da violencia de xénero nas políticas sanitarias?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2006

Asdo.: Laura Seara Sobrado  
Modesto Pose Mesura  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Laura Seara Sobrado na data 14/11/2006 10:51:41**

**Modesto Pose Mesura na data 14/11/2006 10:51:50**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta Oral en Pleno.

O Proxecto de Presupostos Xerais do Estado 2007, ten previsto destinar 257 millóns de euros para mellorar as liñas de cercanías existentes e implantar novos servicios en outras cidades para o vindeiro ano, nembargante entre as previsións de RENFE non figura ningunha cidade galega.

Polo dito, formulase a seguinte pregunta oral.

¿Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para que RENFE implante os trens de cercanías entre Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol, ante a evidencia de que non existe ningún impedimento demográfico nin de demanda para dispor deste servizo no ano 2007?

Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**  
**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006 13:06:05**

## Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta Oral en Pleno.

O incremento do tráfico que se produce na ponte de Rande esta a punto de colapsar este importante viaduto, xa que como o amosan os datos dos pasados meses de xullo e agosto o incremento de número de vehículos respecto a ano anterior e superior o 10% . Ante esta situación os axentes sociais da comarca de Vigo e o Morrazo, esixen e propoñen solucións como a construción dunha segunda ponte entre Vigo e o Morrazo, proposta que foi descartada pola Consellería de Política Territorial no mes de outubro sen haber estudado o proxecto en profundidade.

Polo dito, formulase a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

¿Que medidas concretas esta disposta a adoptar a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de tráfico entre Vigo e o Morrazo?

Parlamento de Galicia, 13 de novembro de 2006



**Asinado dixitalmente por:**  
**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006 13:07:48**

## Á Mesa do Parlamento

**PILAR ROJO NOGUERA e ALEJANDRO GOMEZ ALONSO**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**, dirixida á Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Nos últimos días, nunhas declaracións públicas, a Conselleira de Vivenda e Solo manifestou a súa intención de propor aumentar a cesión de solo para vivenda de protección.

Para elo, a Conselleira tiña pensado –según ela mesmo dixo– plantexar unha serie de cambios na Lei do solo galega para que a reserva de terreos para vivenda pública poida chegar ó 40%.

Dado que as competencias en materia de Urbanismo, e por tanto de solo, non son dela, sinon que corresponden a outra Consellería: Política Territorial, (en concreto a súa), é polo que xurde a seguinte pregunta:

¿Cando estará operativa a reserva do 40% do solo nos concellos galegos para facer vivendas sociais?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**  
**Pilar Rojo Noguera na data 14/11/2006 12:55:20**  
**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006**  
**12:55:41**

## Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA e JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 155 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta Oral en Pleno, dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural.**

*¿Pode confirmar o Sr. Conselleiro de Medio Rural que xa foi retirado dos montes galegos o 70% da madeira queimada, segundo afirmacións do actual Director Xeral de Montes e Industrias Forestais?*

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2006


**Asinado dixitalmente por:**

**Roberto Castro García na data 14/11/2006 13:31:24**

**María Amparo González Méndez na data 14/11/2006  
13:31:30**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 14/11/2006  
13:31:41**

**José Manuel Baltar Blanco na data 14/11/2006  
13:31:52**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ás previsións de constitución dunha Comisión Bilateral Galiza-Estado español para a asunción das competencias en materia de seguranza marítima, dirixida ao Vicepresidente do Goberno.


O Vicepresidente do Goberno galego ven de manifestar a súa intención de constituír unha Comisión Bilateral de Traballo entre Galiza e o Estado español co obxectivo de que Galiza asuma as competencias de seguranza, inspección e salvamento marítimo.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Vicepresidente do Goberno.

Que pasos se van dar para constituír a Comisión de Traballo co Estado español para que Galiza asuma as competencias en seguranza marítima?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez,  
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2006 09:30**  
**Nº Rexistro: 14936**

Data envío: 14/11/2006 18:56:41

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 14/11/2006 18:52:27**

## Á Mesa do Parlamento

**Susana López Abella, Roberto Castro García, Dámaso López Rodríguez e Amparo González Méndez**, deputados pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte pregunta para a súa contestación oral en Comisión.

O Goberno bipartito da Xunta de Galicia, dende a súa toma de posesión, ven anunciando en reiteradas ocasións a súa aposta polo Interior das Provincias de Lugo e Ourense, así como o reequilibrio territorial, pero a realidade dos feitos se imponen e indican que isto non é así.

Unha das últimas situacións que amosan o esquecemento do Goberno Autonómico polo interior de Galicia ten que ver ca celebración dunhas xornadas promocionais de gastronomía e turismo en Nueva York, a celebrar entre os días 6 e 17 de novembro na sede das Nacións Unidas, xornadas promocionais que son sufragadas por todos os galegos e galegas a través das Consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Rural e Industria.

**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2006 16:30**  
**Nº Rexistro: 14932**

Data envío: 14/11/2006 14:08:14

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 14/11/2006 14:01:23**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2006 17:45  
Nº Rexistro: 14961  
Data envío: 15/11/2006 17:45:19

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Fernando Blanco Parga**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Segundo afirman diferentes estudos universitarios, está demostrado que as novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) xeran un incremento de produtividade nas organizacións, de renda nas economías, e de beneficios a nivel individual e en xeral en toda a sociedade; pero o problema é que a incorporación das TIC e a evolución da Sociedade da Información e do Coñecemento está a ser moi desigual.

As TIC ofrecen oportunidades para a corrección dos desequilibrios territoriais e abren camiños aos lugares máis afastados con problemas de despoboamento, envellecemento da poboación e perda de actividade económica, grazas á capacidade da rede universal para eliminar as distancias físicas no acceso e difusión de información e traballar en tempo real.

Asemade, o uso das TIC abre unha posibilidade para normalizar o uso da nosa lingua na relación coas administracións públicas e na creación de páxinas web en galego.

Precisamente, na importancia de uso das TIC está a superación da denominada **Fenda Dixital**, que defínese como a liña divisoria entre as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2006 17:45  
Nº Rexistro: 14961  
Data envío: 15/11/2006 17:45:19

persoas que usan as novas tecnoloxías e aquelas que non teñen acceso ou non saben como empregalas.

As diferentes estatísticas do INE demostran as diferenzas que, no seu uso, aínda mantén Galiza coa media estatal, no seguinte:

- Equipamento de TIC en vivendas:

	Total Vivendas	% televisor	% ordenador de sobremesa	% ordenador portátil	% outro tipo de ordenador (pda, pocket,..)	% teléfono fixo
Media Estatal	14.426.826	99,7	52,0	16,4	6,2	83,3
Galiza	872.767	99,4	46,6	13,5	3,7	84,0

- Tipo de equipamento TIC:

	Total Vivendas	% algún tipo de ordenador	% vivendas con acceso a internet	% vivendas con conexión ADSL	% vivendas con teléfono fixo
Media Estatal	14.426.826	57,2	39,1	29,3	83,3
Galiza	872.767	50,1	29,6	19,4	84,0



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2006 17:45  
Nº Rexistro: 14961  
Data envío: 15/11/2006 17:45:19

- Uso das TIC:

	Persoas Entre 16 e 74 anos	% uso ordenador nos últimos 3 meses	% uso de internet nos últimos 3 meses	% persoas que usaron internet, unha vez por semana, nos últimos 3 meses	% persoas que compraron a través de internet nos últimos 3 meses	%persoas que usan teléfono móbil
Media Estatal	33.375.644	54,0	47,9	39,5	10,1	83,0
Galiza	2.110.255	48,7	41,9	32,4	7,6	75,6

- Uso das TIC en nenos/as entre 10 e 14 anos:

	% de nenos/as usuarios de ordenador nos últimos 3 meses	% de nenos/as usuarios de internet nos últimos 3 meses	% de nenos/as que dispoñen de teléfono móbil
Media Estatal	74,4	72,3	58,3
Galiza	64,9	69,7	62,3



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2006 17:45**  
**Nº Rexistro: 14961**  
Data envío: 15/11/2006 17:45:19

Como se poder ver, na maioría das situacións, Galiza está nunha situación de clara desvantaxe a respecto da media Estatal; situación que aínda sería máis precaria se a comparación se fixese coa media da Unión Europea.


Por todo isto, interesa saber ao Grupo Parlamentar do BNG o seguinte:

- 1.-Que actuación concretas está a realizar a Consellaría de Innovación e Industria para reducir a fenda dixital?
- 2.-Existe algún proceso de formación de dinamizadores da Sociedade da Información?
- 3.-Que participación teñen os concellos neste proceso?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2006.

Asdo.: Carlos Fernando Blanco Parga  
Deputado do G.P. do BNG.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2006 17:45**  
**Nº Rexistro: 14961**

Data envío: 15/11/2006 17:45:19

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Fernando Blanco Parga na data 15/11/2006 17:44:02**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ente esa Mesa a seguinte **pregunta oral en comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pasado nove de novembro o buque “MS Díaz” afundiase preto da costa de Namibia. Este barco contaba cunha tripulación de 25 mariñeiros.

Este accidente tivo unha nefasta consecuencia, a desaparición de tres mariñeiros, dous dos cales son galegos. Diante dun feito destas características consideramos importante ter información a través do Goberno galego e de xeito especial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Polo exposto anteriormente, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:

1.- Cal é a información da que dispón o Goberno de Galicia e de xeito singular a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ao respecto deste sinistro?

2.- Que medidas se adoptaron para atopar o corpo dos desaparecidos?

3.- Que información se lles proporcionou dende as diferentes administracións ás familias dos desaparecidos?

Pazo do Parlamento, 15 de novembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**  
**José Manuel Lage Tuñas na data 15/11/2006**  
**18:51:30**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2006 10:40  
Nº Rexistro: 14963  
Data envío: 16/11/2006 10:40:31

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á previsión dunha denominación comercial para o mexillón chileno a fin de diferencialo do galego no mercado.

Con data de 2 de Decembro de 2005, en resposta a unha iniciativa da organización mexilloeira galega OPMEGA perante a Subdirección Xeral de Comercialización Pesqueira, comunicase oficialmente a aceptación dunha nova denominación comercial para a especie *Mytilus Chilensis* co nome de “Mexillón chileno”. Cumpre lembrar que até o momento, as diferentes especies de mexillón veñen mantendo a mesma denominación comercial xenérica como “mexillón”.

No que ten a ver co mexillón destinado á industria conserveira, tómase como referencia o Real Decreto 1334/1999, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios. A mesma institución reconece nun informe que “unha mellor información ao consumidor final podería ter en conta na etiquetaxe a alusión á denominación científica da especie”, isto é, *Mytilus Chilensis*, ou ben a denominación “Mexillón de Chile” ou “Mexillón Chileno”, mais nunca chamarlle só “Mexillón”.

Como é coñecido, estase a multiplicar nos últimos anos a importación de mexillón chileno nos mercados europeos e do propio Estado español, representando unha competencia –nalgúns casos desleal– a respecto do mexillón producido na



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2006 10:40  
Nº Rexistro: 14963  
Data envío: 16/11/2006 10:40:31

Galiza. Neste contexto, resulta fundamental para defender a produción propia e o prestixio recoñecido nos mercados, diferenciar o mexillón producido fóra, mesmo evitando fraude no consumo: non se pode inducir ao engano de consumir como galego o que na realidade é chileno.

Por este motivo é absolutamente importante ampliar esta nova listaxe de denominacións comerciais, así como vixiar a devandita aplicación, controlando exhaustivamente as importacións de mexillón chileno e a súa etiquetaxe no mercado comunitario.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


1.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de aplicación da denominación comercial “mexillón chileno” ou “mexillón de Chile”?

2.<sup>a</sup>) Que medidas prácticas se adoptarán para o control destas importacións, conscientes de que esta competencia está atribuída na actualidade ao Goberno español?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2006 10:40**  
**Nº Rexistro: 14963**

Data envio: 16/11/2006 10:40:31

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 16/11/2006 10:39:21**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento a Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ao apreixamento do buque “Taruman” polas autoridades australianas, a situación que padeceron os mariñeiros galegos do buque, e as medidas que se adoptarán para evitar feitos similares.

O 6 de Setembro de 2005 era apreixado polo patrulleiro australiano “Ocean Viking” o pesqueiro “Taruman”, enarbolando bandeira de Camboxa, con 31 tripulantes a bordo –catro deles galegos- a 750 millas ao Sul de Australia.

A acusación formulada foi de pesca ilegal en augas australianas, sendo conducidos os tripulantes por este motivo a Hobart (Illa de Tasmania) e internados nun campo de inmigrantes ilegais. Ao cabo duns días, e coincidindo coa publicación destes feitos en medios de comunicación galegos, son trasladados o capitán e o patrón (os dous galegos) a un cárcere de máxima seguranza. Permanecen alí outras dúas semanas. Despois do pago da fianza son postos en liberdade en Sydney, coa prohibición expresa de saíren da cidade e a obriga de se presentaren todas as semanas na comisaría de policía.

Case un ano despois, o 14 de Agosto de 2006, dá comezo o xuízo. As únicas probas vinculadas ao suposto delito de pesca ilegal son as aportadas por unhas fotografías aéreas nas que non se percebe –segundo o criterio do propio xuíz- que o “Taruman” se encontrase pescando. Cando todo indica que a saída do proceso xudicial pasaría polo lóxico sobreseimento, o xuíz proclama, contodo, a existencia



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2006 10:44  
Nº Rexistro: 14964  
Data envío: 16/11/2006 10:44:07

dun precepto legal australiano que afirma que *“de se dar a sospeita sobre un barco que poida cometer unha ilegalidade nas súas augas, inmediatamente pasa a ser a embarcación propiedade do Goberno australiano”*.

Finalmente os dous mariñeiros galegos son condeados a pagar unha multa de máis de 55.000 dólares cada un (uns 30.000 euros), ficando barco e mercadoría incautados polas autoridades australianas en aplicación do marco “legal” antes descrito.


En definitiva, o proceso sáldase con dous mariñeiros galegos multados despois dun ano retidos en Australia, impedidos de tornar á súa patria; un buque requisado e a posibilidade real de que se volva reproducir un episodio como o denunciado, do mesmo xeito que outros similares se teñen producido con anterioridade.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Parécelle normal ou lóxico, ao Goberno de Galiza, un marco legal como o australiano, que permite a retención durante un ano de dous mariñeiros galegos, incluíndo estada en prisión en condicións infrahumanas, e a incautación dun buque pesqueiro através dun pintoresco proceso xudicial que incluíu a “fabricación” de probas acusatorias?

2.<sup>a</sup>) Ten indicios a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos dalgunha vinculación entre a actitude das autoridades australianas e os intereses comerciais dalgunha empresa pesqueira na zona?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2006 10:44**  
**Nº Rexistro: 14964**  
Data envío: 16/11/2006 10:44:07

3.<sup>a</sup>) Ten previsto adoptar medidas perante o Estado español e Unión Europea, a fin de realizar xestións diplomáticas diante do Goberno australiano para evitar a reprodución de episodios desta caste?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2006 10:44**  
**Nº Rexistro: 14964**

Data envío: 16/11/2006 10:44:07

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 16/11/2006 10:41:29**

## **Á Mesa do Parlamento**

Diego Calvo Pouso, Dámaso López Rodríguez, Enrique López Veiga, Aurelio Miras Portugal, Jesús Carlos Palmou Lorenzo, Carmen Salgado Núñez, Miguel Angel Santalices Vieira e Alejandro Gómez Alonso, deputados pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O pasado día 25 de outubro, un dos líderes históricos do nacionalismo galego, Xosé Manuel Beiras, denunciou publicamente que estaba a ser censurado por comisarios políticos na radio galega. Este feito ven a confirmar as denuncias continuas que está a facer o partido maioritario deste país sobre a información política.

Ante esta situación, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas:

- 1-¿Se axusta á realidade esta denuncia de Xosé Manuel Beiras?
- 2-¿Ten feito algún contraste desta denuncia pública cos responsables da radio galega?
- 3-¿Dáse conta de que esta denuncia ven a coincidir coas que repetidamente ten feito o Partido Popular de Galicia en relación ao seu tratamento informativo?
- 4-¿Vai abrir algunha investigación para clarear os feitos graves que se teñen denunciado?
- 5-En caso de considerar de que estas afirmacións non se axustan á realidade, ¿terá previsto pedirlle ao señor Beiras unha rectificación pública do mesmo calibre que a acusación?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2006.

**Asinado dixitalmente por:**

**Diego Calvo Pouso na data 10/11/2006 14:17:32**

**Dámaso López Rodríguez na data 10/11/2006 14:17:45**

**Enrique César López Veiga na data 10/11/2006 14:17:58**

**Aurelio Domingo Miras Portugal na data 10/11/2006 14:18:11**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 10/11/2006 14:18:19**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 10/11/2006 14:18:29**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 10/11/2006 14:18:38**

**Alejandro Gómez Alonso na data 10/11/2006 14:18:50**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/11/2006 13:34  
**Nº Rexistro: 14828**  
Data envío: 10/11/2006 13:34:20

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Bieito Lobeira Domínguez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa aos vertidos contaminantes que se rexistraron en 2005 e 2006 en Couso (Ribeira).

A presenza de vertidos contaminantes nas nosas rías é consecuencia das carencias en materia de saneamento integral das nosas rías, así como, dunha normativa medioambiental que non é o suficientemente contundente para evitar que saia máis barato contaminar, que mellorar os sistemas de tratamento de residuos nas empresas e minimizar os impactos medioambientais.

Un dos puntos do noso litoral onde se veñen producindo vertidos periódicos e localizados é en Couso, no concello de Ribeira. Vertidos que teñen provocado perdas importantes nun sector estratéxico como é o sector marisqueiro. Concretamente en Couso hai unha hatchery que subministra semente de ameixa. Froito dos episodios de contaminación perderon no ano 2005 uns 200 millóns de unidades de cría, e neste ano xa supera os 500 millóns. Esta situación pon en cuestión a viabilidade desta granxa de produción de semente de moluscos bivalvos.

Existe hoxe unha maior conciencia sobre a necesidade de non permitir que este tipo de episodios se reproduzan, e que se acabe coa impunidade dos que contaminan as nosas rías, pois como vemos, non só afecta ao medio ambiente, senón que repercute nas actividades económicas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/11/2006 13:34  
Nº Rexistro: 14828  
Data envío: 10/11/2006 13:34:20

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:


- 1.<sup>a</sup>) Cal foi o número de vertidos rexistrados en Couso (Ribeira) nos anos 2005-2006?
- 2.<sup>a</sup>) Cantos do total corresponden ao ano 2005 e cantos ao 2006?
- 3.<sup>a</sup>) Cal é a súa distribución temporal por meses?
- 4.<sup>a</sup>) Cantos expedientes se abriron nestes dous anos? Cal foi o resultado dos mesmos?
- 5.<sup>a</sup>) Cantos destes episodios desembocaron en sancións para as entidades infractoras?
- 6.<sup>a</sup>) En cantos destes vertidos non se puido determinar a súa orixe?
- 7.<sup>a</sup>) Que inversións se teñen realizado neste concello para mellorar o saneamento e a depuración de augas residuais? Que inversións se prevén no futuro?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2006.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/11/2006 13:34**  
**Nº Rexistro: 14828**

Data envío: 10/11/2006 13:34:20

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/11/2006 13:32:17**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 10/11/2006 13:32:22**

## Á Mesa do Parlamento

**Diego Calvo Pouso, Marta Cerdido Pintos e Roberto Castro García**, Deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

Os deputados arriba asinantes tiveron coñecemento de que recentemente se teñen producido problemas de persoal no Distrito Ambiental I de Ferrol, dando lugar a que se tivesen que suspender nalgún concello da comarca os días establecidos para solicitar permisos de queima.

Polo exposto, os Deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1º.-¿Cál foi o motivo polo que non se puideron expedir permisos de queima algúns días do mes de outubro nos concellos da comarca de Ferrol?

2º.-En todo caso, ¿teñen prevista algunha solución para que o Distrito sinalado non volva a sufrir estes problemas de persoal e poidan prestar o servizo aos cidadáns con total normalidade?

3º.-¿Téñense producido estes problemas nalgún outro distrito de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2006



**Asinado dixitalmente por:**

**Diego Calvo Pouso na data 10/11/2006 14:19:36**

**María Marta Cerdido Pintos na data 10/11/2006  
14:19:41**

**Roberto Castro García na data 10/11/2006 14:19:47**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/11/2006 11:07  
Nº Rexistro: 14842  
Data envío: 13/11/2006 11:07:09

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Fernando Blanco Parga**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

O Centro de Saúde de As Pontes (A Coruña) ofrece atención xinecolóxica unha vez á semana, os martes; en porén, os pasados 31 de outubro e o 7 de novembro, non houbo consulta médica desta especialidade.


Debemos lembrar que, na rede pública do Sergas, xinecoloxía é a segunda especialidade en número de pacientes e de tempo de espera. Esta situación provoca que, xunto con pediatria e traumatoloxía, sexan as especialidades de máis demanda na sanidade privada.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas:

- 1.ª) É coñecedora a Consellaría de Sanidade desta situación no Centro de Saúde de As Pontes?
- 2.ª) Cál foi a causa pola que non houbo consulta eses días?
- 3.ª) Cándos se vai a normalizar a situación?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2006.

Asdo.: Carlos Fernando Blanco Parga  
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/11/2006 11:07**  
**Nº Rexistro: 14842**

Data envío: 13/11/2006 11:07:09

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Fernando Blanco Parga na data 13/11/2006 11:03:58**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á MESA DO PARLAMENTO

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita, sobre as medidas previstas para a recepción do sinal das televisións públicas na localidade de Pradoalbar e, en xeral, no Concello de Vilariño de Conso.

A pesares dos avances tecnolóxicos que con carácter xeral ten experimentado a sociedade da información nas últimas décadas, existen no noso país localidades que aínda non participan das posibilidades ou opcións que este desenvolvemento tecnolóxico supón. Aínda que poida resultar increíble, hoxe en día existen localidades e mesmo concellos que non teñen acceso os sinal das cadeas de televisión, nin sequera das públicas. Este é o caso do Concello de Vilariño de Conso, en concreto da localidade de Pradoalbar. En dita localidade, sita no oriente de Galiza, apenas reciben o sinal da televisión galega, nin das dúas cadeas públicas estatais. É podemos dicir “apenas”, por canto hai aproximadamente sete anos os propios veciños procuráronse un aparello que lles permite recibir –aínda que con escasa calidade- o sinal das devanditas emisoras televisivas. Como se pode deducir do exposto, as cadeas privadas aínda non chegaron ao concello de Vilariño, nin xa que logo a PradoAlbar.

Ao incomprensíbel que resulta apreciar tal carencia dun servizo que senón básico si poderíamos cualificar de elemental, vese incrementado polo feito de que calquera mellora que se puidera introducir para o Concello de Vilariño de Conso, tamén permitiría mellorar o servizo que se ven prestando a outros limítrofes como o de Viana do Bolo ou A Veiga.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/11/2006 11:15**  
**Nº Rexistro: 14843**

Data envio: 13/11/2006 11:15:36


E por iso que, ante o abandono de que foi obxecto polo goberno anterior a veciñanza das localidades antes referidas, dende o G.P. do Bloque Nacionalista Galego vimos a prantexar as seguintes preguntas:

- 1.ª) Ten previsto o Goberno Galego algún tipo de medida que permita a recepción do sinal da televisión galega –ou das dúas cadeas públicas do Estado- no Concello de Vilariño de Conso, nomeadamente na localidade de Pradoalbar?
- 2.ª) Existe algunha iniciativa, proxecto ou solicitude para a implantación da rede de TDT no Concello de Vilariño de Conso?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2006

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/11/2006 11:15**  
**Nº Rexistro: 14843**  
Data envío: 13/11/2006 11:15:36

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabares Pérez-Piñeiro na data 13/11/2006 11:13:15**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/11/2006 18:28  
**Nº Rexistro: 14885**  
Data envío: 13/11/2006 18:28:28

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Parga Núñez**, deputado do Grupo Parlamentar do BNG ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte **pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á declaración das Covas do Rei Cintolo de Mondoñedo como Monumento Natural.

As Covas do Rei Cintolo de Mondoñedo son un recurso de extraordinaria importancia polos seus valores naturais, históricos e culturais e pola súa beleza e singularidade. As Covas teñen tamén un considerable valor dende a perspectiva da súa explotación como recurso turístico, educativo, deportivo, etc.

O Grupo Parlamentar do BNG considera que este patrimonio cultural e natural necesita de protección para asegurar a súa conservación pero ao mesmo tempo entendemos que se pode conxugar a protección coa súa posta en valor dende o punto de vista económico e social permitindo o acceso con visitas guiadas e controladas.

Estas Covas están catalogadas como Xacemento Paleolítico e están incluídas no inventario de Patrimonio Cultural de Galiza. Por outra parte e en orden a protexer e preservar este recurso natural a Consellaría de Medio Ambiente, en aplicación da lei 9/2001 de Conservación da Natureza, iniciou un expediente para a declaración das Covas como Monumento Natural.

O día 14 de outubro de 2003 o DOG publicou unha resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se sometía a información pública e audiencia ós



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/11/2006 18:28  
**Nº Rexistro: 14885**  
Data envío: 13/11/2006 18:28:28

interesados o decreto polo que se declara monumento natural as Covas do Rei Cintolo de Mondoñedo.

Este expediente non foi rematado polo que estimamos que deben axilizarse os trámites para a conclusión do mesmo e proceder a declarar as covas como monumento natural.

O Grupo Parlamentar do BNG considera que é compatible a preservación das covas baixo as directrices dun plano de conservación coa posta en valor e aproveitamento do ben.

Ante isto formúlanse as seguintes preguntas:

1ª Cales son os motivos polos que non se resolveu aínda o expediente para a declaración das Covas do Rei Cintolo de Mondoñedo como monumento natural?

2ª Formuláronse alegacións durante o trámite de información pública do expediente?

3ª De ser así, en que consistiron estas alegacións?

4ª Cando ten previsto o goberno resolver o expediente e declarar as Covas como monumento natural?

5ª Que medidas cautelares estableceu a Consellaría de Medio Ambiente como réxime preventivo de protección a partir da iniciación do expediente para a declaración de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/11/2006 18:28  
**Nº Rexistro: 14885**  
Data envío: 13/11/2006 18:28:28


monumento natural, tal como dispón o artigo 25.3 da lei 9/2001 de Conservación da Natureza?

6ª Se non se adoptaron estas medidas, ten previsto a Consellaría establecer un réxime preventivo de protección dispoñendo medidas cautelares?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2006.

Asdo.: Manuel Parga Núñez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/11/2006 18:28**  
**Nº Rexistro: 14885**

Data envío: 13/11/2006 18:28:28

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Parga Núñez na data 13/11/2006 18:27:34**

## Á Mesa do Parlamento

**PILAR ROJO NOGUERA, CARLOS NEGREIRA SOUTO e DIEGO CALVO POUSO**, deputados do **Grupo Parlamentario Popular e Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**:

A posta en marcha do novo Plan de Aluguer da Xunta de Galicia que substitúe á Bolsa de Aluguer do Goberno anterior do PP, parece que se toma o seu tempo. Casi un ano despois de que a Consellería de Vivenda e Solo paralizara de xeito irresponsable o antigo programa, aínda non hai contratos no novo.

Os demandantes de vivenda en aluguer na Coruña,- que levaban casi un ano á espera de que saíse adiante o novo programa- terán que agardar ata saber si aínda poden dispor de piso. Porque, e según confirmaron desde a propia Consellería, aínda non se firmou ningún contrato, e se lles dixo textualmente ós que protestaron na Delegación Provincial de Vivenda e Solo na Coruña, que “o programa funciona con normalidade, pero todo leva o seu tempo”.

Tempo si, pero a realidade é que polo momento, nin siquiera hai unha data concreta para iniciar o proceso de asinado dos contratos.

Por elo, é de interés destes deputados coñecer:

- 1.- ¿Cándo ten previsto a Consellería de Vivenda e Solo que pode comenazar o proceso de asinamento dos contratos da bolsa de aluguer na Coruña?
- 2.- ¿Cal é o número de solicitudes de demandantes de pisos en aluguer, recibidas na oficina da Coruña ata o 31 de outubro de 2006?

- 3.- ¿Cal é o número de pisos dos que dispón, na mesma data anterior, a Consellería de Vivenda e Solo para por a disposición dos demandantes de vivenda en aluguer na Coruña?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**Pilar Rojo Noguera na data 14/11/2006 12:56:17**

**Carlos Negreira Souto na data 14/11/2006 12:56:24**

**Diego Calvo Pouso na data 14/11/2006 12:56:30**

## Á Mesa do Parlamento

**PILAR ROJO NOGUERA, CARLOS NEGREIRA SOUTO e ALEJANDRO GOMEZ ALONSO**, deputados do Grupo **Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**:

Representantes do Partido Popular de Malpica denunciaron o pasado 21 de xullo a existencia dunha canteira no monte Xareira, que se atopa dentro da Rede Natura; o que calificaron como unha grave agresión ambiental.

Denunciaron tamén que o alcalde continúa sin actuar contra a empresa infractora, que extrae escombros do lugar, -según din os nosos representantes -, sin ningún tipo de autorización.

Como non se ten constancia de que por parte do concello se adoptase algunha medida ao respecto, é polo que estes deputados están interesados en saber:

- 1.- ¿Adoptou algunha medida o concello de Malpica, desde que tivo coñecemento da denuncia do PP, acerca da existencia da canteira no monte Xareira?
- 2.- ¿Ten a referida canteira todas as autorizacións pertinentes da Xunta de Galicia para o seu funcionamento?
- 3.- En caso negativo, ¿qué medidas ten previsto a Xunta de Galicia para repoñer a legalidade, e en qué prazos?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**Pilar Rojo Noguera na data 14/11/2006 12:57:58**

**Carlos Negreira Souto na data 14/11/2006 12:58:04**

**Alejandro Gómez Alonso na data 14/11/2006  
12:58:20**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**César A. Pérez Ares e Miguel Angel Santalices Vieira**, Deputados pertencentes ó **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita** relativa ás axudas do Sergas para Conservación e Mantemento dos Centros de Saúde de titularidade municipal.

No pasado ano, o D.O.G. de Xoves, 10 de novembro do 2005 establecía unha Orde pola que se regularía a concesión de subvencións ás entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de Atención continuada e turnos especiais de urxencias que funcionen en Centros de titularidade Municipal.

Por todo elo, estes deputados preguntan:

1º.- ¿Qué Concellos foron beneficiarios desta orden?

2º.- ¿Cal foi a contía que se lle outorgou a cada Concello?

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2006



**Asinado dixitalmente por:**

**César Pérez Ares na data 14/11/2006 12:59:50**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 14/11/2006**

**13:00:01**

## Á Mesa do Parlamento

**César A. Pérez Ares e Antonio Rodríguez Miranda**, Deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**:

Un dos obxectivos fundamentais de calquera goberno é mellorar a calidade de vida dos cidadáns, a través do abastecemento de auga e o saneamento público, logrando que acade o maior número de usuarios posible atendendo ás necesidades dos cidadáns e por conseguinte aumentando o número de Concellos de Galicia que dispoñen deste tipo de servizo.

Por todo elo estes Deputados realizan as seguintes preguntas:

1. ¿Cales foron as inversións realizadas no Concello de Mos en materia de saneamento e abastecemento de auga?
2. ¿Cal é a previsión con respecto a estas inversións para o ano 2007?

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2006



**Asinado dixitalmente por:**

**César Pérez Ares na data 14/11/2006 13:02:36**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 14/11/2006 13:02:46**

## Á Mesa do Parlamento

**César A. Pérez Ares, Roberto Castro García e José Fervenza Costas,** Deputados pertencentes ó Grupo **Parlamentario Popular de Galicia** ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita:**

Unha das competencias da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza é destinar unha serie de axudas económicas para a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades Locais de Galicia.

No D.O.G. de 2 de agosto de 2006 procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 13 de febreiro de 2006, e nela aparece o Concello de Mos, cunha serie de axudas con carácter plurianual destinadas á construción dunha nova Casa do Concello que ascenden a un total de 175.000 euros.

Por todo elo, estes Deputados realizan as seguintes preguntas:

1. ¿Cal foi a axuda solicitada polo Concello de Mos para realizar a obra da nova Casa do Concello?

2. ¿Cal é a denominación do lugar onde se vai a construír a nova Casa do Concello?

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**César Pérez Ares na data 14/11/2006 13:03:24**

**Roberto Castro García na data 14/11/2006 13:03:35**

**José Ferverza Costas na data 14/11/2006 13:03:47**

## Á Mesa do Parlamento

**César A. Pérez Ares, Roberto Castro García e Antonio Rodríguez Miranda**, Deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa as seguintes **Preguntas para súa resposta escrita**:

O mércores, 15 de marzo do 2006, o Diario Oficial de Galicia, publicou a Orde da Consellería de Medio Rural, pola que se establecen axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común.

Esta Orde tiña por obxecto establecer as bases para a convocatoria de axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais, establecendo dúas liñas de axuda: unhas para o funcionamento de cuadrillas preventivas e outras para a realización de traballos de silvicultura preventiva con tractores e os seus apeiros.

Por todo elo estes Deputados presentan as seguintes preguntas:

1. ¿Cales foron as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común beneficiarias desta Orde e cales foron as liñas de axudas?



2. ¿Cal foi a data de recepción da notificación da resolución aprobatoria polo beneficiario?

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**César Pérez Ares na data 14/11/2006 13:04:30**

**Roberto Castro García na data 14/11/2006 13:04:41**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 14/11/2006 13:04:49**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/11/2006 16:30  
**Nº Rexistro: 14931**  
Data envío: 14/11/2006 14:04:51

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ao afundimento do pesqueiro “Nuevo Marcos” nas inmediacións da praia d’A Lanzada.


